



CONTA EN FAMILIA*

UN ACHEGAMENTO Á NARRACIÓN ORAL PARA FAMILIAS E EDUCADORAS: CONTAR PARA MEDRAR

Impartido por Vero Rilo*

INTRODUCCIÓN

Porque todas contamos, todas podemos chegar a contar artisticamente.

Porque todas contamos oralmente nas nosas conversas cotiás: contamos o que nos aconteceu, o que vimos e o que nos impresionou. Tamén o que nos contaron ou o que imaxinamos. Mesmo contamos o que chegamos a soñar.

Porque cando contamos oralmente a nosa conversa gaña en interese e presenza. E nós gañamos en atractivo e en capacidade para comunicar con eficacia e éxito.

O noso xeito de falar, as nosas maneiras de conversar, as formas nas que nos expresamos. Eses elementos han de configurar o punto de partida se desexamos formarnos como narradoras orais artísticas. Un punto de partida que, en definitiva, non reside noutro lugar que non sexa a nosa propia técnica de oralidade. Se devecemos por contarlles narracións ás nosas interlocutoras, sexan cativas ou sexan alumnas, ou se desexamos contar dende a reinvención das máis diversas fontes e en calquera circunstancia, a mecha ha estar na nosa manifestación oral. Non hai que ir máis lonxe. E será así como da palabra pasaremos ao conto. Dese xeito, falaremos da aventura de vivir, reformularemos as historias, reinventaremos dende a rutina.

Todo conto, sexa cotián, sexa épico, vive grazas ao seu propio alentar. Porque os contos, como as persoas, respiran. Por iso cómpre darlle de comer ao conto, saber como alimentalo, como saír con el a pasear ou como durmir ao seu carón. Tamén coñecer de que xeitos se pode discutir con el, de que maneiras se lle pode dar forma. Todo até conseguir que cada historia deixe de ser patrimonio unicamente da escrita para evolucionar coa palabra falada e pasar a formar parte da nosa experiencia. Contar un conto do mesmo xeito que conversamos ao redor das nosas vivencias é un camiño que todas transitamos cada día. Porque no fondo, e non tan no fondo, todas somos narradoras. E da conversa cotiá á narración artística só hai un paso que vén dado polas técnicas orais.



SOBRAN XUSTIFICACIÓNS...

- 1.** Os contos son un alto no camiño, unha parada de descanso para o continuo da vida. Detense o tempo cando narramos un conto.
- 2.** Os contos acougan, aclaran e agudizan o enxeño. Contar é unha actividade pacífica e revolucionaria.
- 3.** Os contos ensinan a utilidade das palabras para crear un mundo de melodías.
- 4.** Os contos ensinan unha lingua, transmítana e dálle vida e un novo pulo á sociedade.
- 5.** Os contos achegan, fan amigas, espertan as gañas de comunicarse e intercambiar experiencias. Abren a confianza mutua e a intimidade. Conectan mundos e crean vínculos.
- 6.** Os contos convidan a amar a beleza do mundo e espertan a paixón pola vida.
- 7.** Os contos transportan, amosan a grandeza da realidade e do imaxinario abrindo novas sendas, ofrecendo alternativas, iluminando paisaxes escuros, medos e desacougos.
- 8.** Os contos falan do que realmente importa.

En definitiva, sobran razóns pois para contar: contar para vivir máis tempo, para deter o tempo, para saber que estamos vivas, saber que non estamos soas, para saber, para ensinar e aprender a pensar, relacionarnos, para descubrir o mundo, para crear outros mundos, para atopar a outra, para coñecernos a nós mesmas, para compartir un patrimonio común, para crear o teu propio mundo, para rir, para facer o loito, para consolar, para abanear a melancolía, para ser o que non somos, para ser quen somos, dudar, denegar, afirmar, para albergar, para fuxir, imaxinar, explorar, para brincar, para compartir, acompañar, soñar, sentir, unir, aloumiñar, amar, medrar ...

Pero, por riba de todo o exposto, un motivo xustifica esta proposta de formación para amantes, conscientes ou inconscientes, da narración oral:

Convertelas en parte creadora e transmisora de historias.



CONTAR EN GALEGO: UN PAÍS DE CONTADORAS

Somos un país que medrou contando. Somos un país que existiu contando. E somos un país cuxa lingua sobreviviu a través da fala. A transmisión oral da nosa cultura e do noso idioma permitiu configurar a través dos séculos o noso imaxinario colectivo e manter o noso patrimonio inmaterial. Dende os cantares de cego até os monólogos actuais, a oralidade vertebrou e conservou sempre un rico patrimonio literario, popular e de lendas para todo un país que, en gran parte da súa historia, viuse na obriga de confiar a supervivencia da súa fala e do seu corpus de narracións á fala e á memoria, cuxo punto de unión sempre estivo na narración oral. En tempos como os Séculos de Escuros, cando a palabra escrita estaba vedada para o galego, foi a oralidade o que nos outorgou continuidade como pobo.

Dese xeito, somos un país de palabra. E durante gran parte da nosa historia, un país máis de palabra que de escrita. A narración oral, polo tanto, conforma parte indisoluble da nosa cultura e do noso xeito de vivir. Porque os contos populares, as lendas ou mesmo a historia mántivose viva nas nosas bocas e gañou volume artístico grazas á narración oral.

Unha narración oral que cultivamos -consciente ou inconscientemente- cada día, de forma individual, de modo colectiva e dende sempre. E, por suposto, tamén como parte do noso xeito tradicional de vivir. Porque tanto as lendas coma os contos naceron, medraron e sobreviviron ao paso do tempo nos espazos públicos que se arredaban do papel que se nos vedou: ao carón das lareiras, nos lavadoiros dos ríos, nas romarías e festas, facendo a seitura, destilando o augardente ou arrolando as crianzas antes de durmir. Como calquera outra cultura, vivimos e medramos contando. Pero nós, como ningunha outra cultura, somos un país de contadoras.

Con este obradoiro pretendemos recuperar esta tradición, tan arraigada na nosa cultura, dende a súa base: dende contarlle aos nenos no berce na hora de deitalos até nas xuntanzas familiares, pasando polos momentos de xogo. Todo co obxectivo de integrar o conto na vida cotiá das familias galegas nun tempo en que as novas formas de ocio e entretemento fan esmorecer a narrativa oral no ámbito cotiá dos nosos fogares.



Co fornecemento da oralidade, ademais, proxectarase o valor de contar en galego e transmitir a nosa lingua cara ao futuro deste pobo. Deste xeito, a lingua é un elemento fundamental neste obradoiro que, polo tanto, máis alá de fomentar a aprendizaxe das técnicas, porá en valor a nosa fala, por unha banda, como lingua de transmisión cultural e, pola outra, como lingua de uso cotiá. Se dende pequenos contamos aos nenos en galego, a lingua sempre estará asociada a valores positivos e facilitarase así a súa normalización.

DIRÍXOME A...

Este obradoiro formativo destínase a todo aquel que teña interese por mergullarse na arte da narración oral e a todo aquel que teña o degoiro de medrar coa palabra dita. Dentro dese amplo abano, consideramos ademais que o seu público principal estará conformado polas educadoras e a familia.

O ámbito docente, por unha banda, e o ámbito familiar, pola outra, son os espazos principais para a transmisión de valores culturais e para adquirille unhaquerencia especial pola palabra, tanto na escrita como no ámbito oral. Mais os primeiros banzos formativos que recibe a rapazada fundaméntanse na fala e na narración oral, tanto na contorna familiar coma na escola, polo que resulta imprescindible facilitarlles aos mestres e ás familias métodos e técnicas neste campo que han cultivar decotío.

Por outra banda, non só os pais teñen a responsabilidade da transmisión oral nos fogares. No actual modelo familiar galego e coas tremendas dificultades de conciliación existentes na sociedade recobra gran importancia que os avós volvan contarlles aos netos e que a familia completa sexa consciente da necesidade de contarse historias e de compartir xuntos.



SOBRE OBXECTIVOS...

Facer consciente a narradora inconsciente.

Recoñecer a propia necesidade de contar ou non contar.

Coñecer os instrumentos narrativos coma o corpo, a voz, obxectos...

Achegar os beneficios da palabra dita e o conto na relación coas crianzas, xa sexa dentro da escola ou do fogar.

Seleccionar repertorio da literatura escrita ou o imaxinario tradicional e crear repertorio propio dende as vivencias individuais.

Facilitar o paso do conto escrito ao conto dito.

Brincar coa palabra, as crianzas e/ou o público.

Que o galego sexa a lingua vehicular dos contos e por extensión a lingua central na relación familiar.

SOBRE COMO FACELO...

- » A clave para aprender a contar está en contar, contar e contar. En base a esta premisa a formación realizarase de xeito práctico mediante:
 - » Exercicios para a toma de consciencia do propio corpo e as súas posibilidades
 - » Dinámicas de grupo, parella e individuais para xogar co corpo, a voz e as palabras, a escoita e a memoria
 - » Xogos de improvisación para coñecer estilos narrativos, punto de vista e verosimilitude...
 - » Lectura e exercicios con textos
 - » Proxecto final: selección dun conto para ser narrado de forma individual aplicando os coñecementos adquiridos. (Con público: compañeiras, crianzas, familia...)

NOTA: As partes de carácter máis teórico (hixiene vocal, respiración, narradora e acto de narrar, creación do espazo, selección de repertorio segundo idades, obxectos e outros formatos...) levaranse a cabo durante a xornada de formación, de xeito integrado na previa, no desenvolvemento ou no treito final de cada actividade realizada. Sempre por medio do intercambio de puntos de vista e diálogo reflexivo. Enviarase a todas as participantes, vía correo electrónico, unha listaxe de recomendacións bibliográficas, unha valoración individual para quen o solicite e un cuestionario de valoración da formación.



SOBRE CANDO FACELO...

A formación, dun total de **8 horas**, está pensada para desenvolverse en **dúas medias xornadas** no mesmo día ou en días alternos.

Unha primeira media xornada de 4 horas.

Unha segunda media xornada de 4 horas (variables) onde se traballará de forma individual o proxecto narrativo (2 horas) para logo facer unha **mostra final** ante o público asistente (2 horas) A mostra estará aberta a compañeiras, familia, crianzas e público en xeral interesado na proposta.

O IDEAL EN CANTO A NÚMERO DE ASISTENTES...

Os propios contos aseguran que hai números diferentes, particulares, con forza propia e mesmo máxicos. O 5 ou o 7 parecen distintos entre os iguais, pero outros moitos achegan de igual xeito unha enerxía particular. A ducia, por si mesma, tamén é unha cifra máxica que, ademais, lle outorgaría unha serie de vantaxes a un obradoiro deste tipo. Xa que a narración oral é, ao tempo, unha actividade compartida e unha experiencia artística colectiva, precísanse ás veces dunha soa voz, máis noutras ocasións de varias. Tamén dun público e moitas veces de conversa, de discusión e, mesmo de debate. Por iso consideramos que 12 persoas é o número acaído para este obradoiro, no que aspiramos a reaviviar a experiencia colectiva da narración oral para todos.

ONDE FACELO...

Escolas, Centros Socioculturais, bibliotecas con espazos para formación e en xeral calquera lugar pois só necesitamos da nosa voz e do noso corpo.

RESUMINDO...

Trátase de ter un primeiro achegamento á narración oral, perder medos, xogar e contar para rematar facendo unha mostra final ante o público máis achegado e querido: as nosas familias e crianzas.



SOBRE VERO RILO:

Contadora de historias en *Daboapipa* e educadora da Rede de Escolas Infantís de Galicia.

Conta con formación no eido da infancia e familias, tendo estudos coma Educadora Infantil e Integradora Social e unha traxectoria laboral en diferentes escolas da Rede de Galiñas Azuis e fóra do país, no sistema de educación privada en Portugal.

Cursou estudos relacionados coa fala e a linguaxe, dende formación Audición e Linguaxe pola UDC ata Comunicación en Lingua de Signos Española pola FAXPAGA

No campo teatral recibiu ensinanza en Improvisación Teatral da man de Antón Coucheiro e Alfonso Medina e ensinanza específica como contadora con mestres coma Charo Pita e Tim Bowley. Na actualidade está inmersa na formación regular actoral na Escola Espazo Aberto, con Carlos Neira.

Tamén cursou voz con especialistas coma Pablo García Ferradás e Cristina A.

Forma parte dende o 2012 do grupo teatral *Teruca Bouza*, dirixido por Carlos Basoa Basoa, con máis de 25 anos de traxectoria.

En 2013 dá o paso e forma a súa propia compañía *Daboapipa* xunto con Santi Prieto, onde palabra e música únense para dar lugar a espectáculos de narración oral para a infancia e familias. Xiran por Galicia con tres espectáculos: “Contos de Animalario”, “Vellos, vellas e outras lerias” e “Historias de vida, guerra, amor e case morte”, este último para público adulto, e xa levan pasado por importantes citas da cultura galega como o Festiletras, Cultura Aberta da Deputación de Lugo, Culturgal ...



OS CONTOS QUE NOS RECOMENDARÍAMOS

ALBUM ILUSTRADO:

- » ALBO, Pablo. *O Papón*. OQO
- » ALMODOVAR, A.R. *A verdadeira historia de Carapuchiña*. Kalandraka
- » AZCONA, Marta. *Un agasallo diferente*. Kalandraka
- » BALLESTEROS, Xosé. *O coelliño branco*. Kalandraka
- » BALLESTEROS, Xosé. *Os tres osos*. Kalandraka
- » BERNASCONI, Pablo. *O zoo de Xoaquín*. Kalandraka
- » BOUDREAU, Helène. *Te desafío a no bostezar*. Barbara Fiore Editora.
- » BOWLEY, Tim. *Amelia quere un can*. Kalandraka
- » BOWLEY, Tim. *Xaime e as landras*. Kalandraka
- » BRUNO, Pep. *A cabra boba*. OQO
- » BRUNO, Pep. *As noites das mudanzas*. OQO
- » BRUNO, Pep. *Conto para contar mentres se come un ovo frito*. Kalandraka
- » BRUNO, Pep. *Demo de dente*. OQO
- » BRUNO, Pep. *Pétala*. OQO
- » CAMPANARI, José. *Ernesto bo día*. OQO
- » CARLE, Eric. *O artista que pintou un cabalo azul*. Kalandraka
- » CARLE, Eric. *Unha eiruga moi larpeira*. Kalandraka
- » DAPORTA, Mon. *Un becho estraño*. Kalandraka.
- » GONZÁLEZ, Olalla. *Os chivos chivóns*. Kalandraka
- » GRAVETT, Emily. *Again!*. Macmillan Childrens Books
- » GREJNIEC, Michael. *A que sabe a lúa?*. Kalandraka
- » GRIM, J. e V. *A casiña de chocolate*. Kalandraka
- » HERAS, Chema. *Cando Martiño tivo ganas de mexar na Noite de Reis*. Kalandraka
- » HOLZWARTH, Werner. *A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza*. Alfaguara.
- » ISERN, Susana. *Oso Atrapabolboretas*. OQO
- » LEE, Suzy. *A ola*. Barbara Fiore
- » LIONNI, Leo. *Nadarín*. Lumen
- » LIVÁN, Pablo. *Manda narices*. OQO
- » LOBEL, Arnold. *Historias de ratos*. Kalandraka
- » MACBRANTNEY, Sam. *Adivina cuanto te quero*. Kónikos.
- » MAZO, Margarita. *A min non me comas*. OQO

- » MAZO, Margarita. *Carabuñas*. OQO
- » NUÑEZ, Marisa. *A cebra Camila*. Kalandraka
- » NUÑEZ, Marisa. *Cocorico*. Kalandraka
- » NUÑEZ, Marisa. *O pito Cairo*. Kalandraka
- » PÉREZ, Juan Ignacio. *Batalla de Naipes*. Kalandraka
- » PATACRÚA. *Paco papán*. OQO
- » PITA, Charo. *Gracias*. Ediciones la Fragatina
- » PITA, Charo. *Maxia*. OQO
- » PITA, Charo. *Velliñas*. OQO
- » RODARI, Gianni. *Confundindo historias*. Kalandraka
- » RUBIO, Antonio. *Crocodilo*. Kalandraka
- » RUBIO, Antonio. *Lúa*. Kalandraka
- » SENDAK, Maurice. *Onde viven os monstruos*. Altea
- » SENDE, Lua. *O conto do apalpador*. Edicoes Galiza. A fenda editorial.
- » TURÍN, Adela. *Artur e Clementina*. Kalandraka
- » UNGERER, Tomi. *Os tres bandidos*. Kalandraka
- » VÁZQUEZ, Miguel. *María é maior*. Bahía Edicións
- » VOLTZ, Christian. *Eu non fun*. Kalandraka

ESCOLMAS DE CONTO TRADICIONAL GALEGO

- » BARRIO, Maruxa. *Contos Populares (Biblioteca Básica da Cultura Galega)*. Galaxia
- » REBOREDO, X.M. *Lendas Galegas de Tradición Oral. (Biblioteca Básica da Cultura Galega)*. Galaxia
- » REIGOSA, Antonio. *Arrepíos e outros medos: Historias Galegas de Fantasmas e de Terror*. Xerais
- » REIGOSA, Antonio. *Diccionario dos Seres Míticos Galegos*
- » REIGOSA, Antonio. *Contos Colorados. Narracións Eróticas da Tradición Oral Galega*
- » REIGOSA, Antonio. *Contos Marabillosos I, II*

PARA AFONDAR NA PRÁCTICA DA NARRACIÓN ORAL:

- » Ortiz, Estrella; *Contar con los cuentos*, ed. Ñaque Pelegrín, A.: La aventura de oír; cuentos y memorias de tradición oral. UN CLÁSICO.
- » Bovo, A M: *Narrar, oficio trémulo*, ed. *Atuel*
- » Rodari, Gianni: *La gramática de la fantasía*, ediciones del Bronce
- » Martín Taffarel, Teresa: *El Tejido del Cuento*, Ed. *Octaedro*.



www.culturactiva.org

981 582 836

info@culturactiva.org